



INFORME DE ABANDONO DOS ESTUDOS DO GRAO EN BIOLOXÍA DA USC

Curso Académico: 2020-2021

**Aprobado pola Comisión de Título do Grao en Bioloxía o 17/03/2022
Aprobado pola Comisión de Calidade da Facultade de Bioloxía o 24/03/2022**

Introducción	p. 3
Resultados	p. 3
<i>Taxas de grao</i>	p. 4
<i>Destino do alumnado que abandona</i>	p. 6
<i>Abandono potencial no curso 2019/20</i>	p. 8

Introdución

O sistema de indicadores da USC contempla dúas taxas de abandono. A primeira é a “taxa de abandono durante o primeiro curso” (IN40G) que é a porcentaxe entre os/as estudantes dunha cohorte de novo ingreso que non se matricularon no título nos cursos X+1 e X+2, e o número total de estudantes da cohorte que accederon ao título no curso X. A segunda é a “taxa de abandono do RD 1393/2007” (IN41G) que é a porcentaxe entre os/as estudantes dunha cohorte de novo ingreso que deberon obter o título no ano académico anterior e que non se matricularon nin nese curso académico nin no anterior. Manter unhas taxas de abandono baixas é crucial para cumprir coa memoria verificada do título de Grao en Bioloxía pola USC, que inclúe como resultado previsto unha taxa de graduación do 60% (a taxa de graduación é a porcentaxe de estudantes que finalizan os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico a maiores en relación á súa cohorte de entrada). Se a taxa de abandono é alta é difícil alcanzar un obxectivo ambicioso da taxa de graduación.

Por este motivo desde o curso 2014/15 realízase o presente informe no que se tenta abordar as causas dos abandonos, para o que se fai un seguimento do alumnado. Desta forma, sabendo cal é o seu destino tras o abandono poderemos especular sobre cal é a causa. Cando se realiza un cambio de expediente a outro centro da USC, a aplicación Xescampus permite identificar cal foi. Nestes casos o traslado de expediente compútase como cambio de estudos na USC a outros graos. En ocasións indícase que existe un traslado de expediente a outra universidade, pero non se ten información sobre a universidade ou o grao de destino. Por último, unha serie de alumnos/as desaparecen sen que se poida solicitar maior información, e estes consígnanse como abandonos.

Para tentar reducir a taxa de abandono, na actualización do SGC inclúese o protocolo “Método de intervención sobre o alumnado en risco potencial de abandono dos estudos do grao”.

Resultados

Taxas do grao

Os resultados da taxa de abandono durante o primeiro curso (IN40G) que subministra a área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) e os da calculada polo centro móstranse na Táboa 1 e Fig.1, nas que tamén se inclúe información sobre a taxa de abandono segundo o RD 1393/2007 (IN41G), a oferta de prazas, a matrícula de novo ingreso, a nota de corte da proba de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU) e a porcentaxe de alumnado matriculado como primeira opción.




Figura 1. Taxa de abandono calculada polo centro respecto das matrículas de novo ingreso no Grao de Bioloxía da USC. Inclúese a oferta de prazas, a matrícula de inicio de estudos, a porcentaxe de estudantes de primeira opción e a nota de corte da ABAU (como número sobre o punto), para os anos dispoñibles.

Na Táboa 1 preséntanse os resultados desde o curso 2012/13, primeiro en que se impartiron os catro cursos do grao, ata o curso obxecto do presente informe. Na mesma pódese observar como existe unha gran variabilidade entre o número de alumnos que abandonan cada ano que se sitúa entre 17 e 39. De forma xeral as taxas de abandono (durante o primeiro curso e segundo o RD 1393) son elevadas ao inicio dos estudos e descenden, nos curso 2018/19 e 2019/20, ata valores similares aos previstos na memoria; isto pode estar relacionado coa mellora importante na nota de corte do alumnado e co aumento de estudantes que solicitan o acceso ao grao como primeira opción. Ademais na Táboa 1 tamén se observa como as taxas calculadas no centro

difiren lixeiramente e á alta respecto das que subministra a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP).

Táboa 1. Número de estudantes que abandonan e a súa taxa (correspondente a que subministra a área de calidade e mellora dos procedementos -ACMP e calculada polo centro -C) respecto das matrículas de novo ingreso no Grao de Bioloxía da USC. Inclúese a oferta de prazas, a nota de corte da PAU/ABAU, a porcentaxe de primeira opción e o número de estudantes matriculados de inicio de estudos para os anos dispoñibles. O curso fai referencia ao curso de acceso.

	12-13	13-14	14-15	15-16	16-17	17-18	18-19	19-20
Oferta de prazas	150	150	150	132	125	119	100	100
Nota de corte final	5,17	6,88	7,80	8,6	9,0	9,4	9,65	9,85
Matrícula de inicio de estudos	145	148	152	130	118	126	107	124
Estudantes de primeira opción (%)	61,3	62,0	74,7	74,2	73,6	70,6	68	71
Taxa de abandono 1º curso (%) C	27	20	24	16	21	21,8	20,2	15,3
Estudantes que abandonan C	39	30	36	21	25	24	20	17
Taxa de abandono 1º curso (%) ACMP	31,5	19,9	15	16,4	12,3	12,5	14,8	17,1
Taxa de abandono RD1393/2007 (%) ACMP	--	20,6	38,4	27	28,6	20,9	23,3	18,3

Destinos do alumnado que abandona

A Táboa 2 recolle para os cursos académicos entre o 2009/10 e o 2019/20 o número e destino dos alumnos que abandonan (abandonos durante o primeiro curso). A Figura 2 inclúe as porcentaxes dos principais destinos de abandono para cada un dos cursos académicos estudados. Os totais destas porcentaxes móstranse na Figura 3.

Táboa 2. Número de estudantes que abandonan o Grao en Bioloxía da USC en función do seu destino de saída. O curso corresponde ao curso de acceso aos estudos do grao.

	09- 10	10- 11	11- 12	12- 13	13- 14	14- 15	15- 16	16- 17	17- 18	18- 19	19- 20	Total
Cambio de estudos na USC a graos de Ciencias da Saúde												
Veterinaria	0	3	2	0	1	1	0	0	3	1	2	11
Óptica	0	1	0	0	2	0	0	0	0	0	0	3
Psicoloxía	0	2	2	0	0	1	1	2	0	3	2	11
Enfermaría	3	5	5	2	1	0	0	1	2	1	0	20
Odontoloxía	1	2	2	0	0	0	1	0	0	0	0	6
Nutrición e Dietética	0	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1
Farmacía	2	1	2	0	1	1	0	1	0	0	1	8
Medicina	1	3	1	2	3	1	1	1	2	0	1	15
Bioteecnoloxía	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	7
Subtotal	7	18	14	4	8	4	3	5	7	5	7	82
Cambio a estudos na USC a outros graos												
Grao en Mestre EP	2	3	0	3	1	0	1	0	0	1		11
Outros	5	3	3	2	2	4	3	2	1	3	1	29
Subtotal	7	6	3	5	3	4	4	2	1	4	1	40
Traslado do expediente	2	14	6	6	2	5	6	6	7	3	3	60
Abandono	5	10	8	21	15	23	8	12	9	8	5	124
Intercambio	1	3	2	0	0	0	0	0	0	0	0	6
Outros	0	1	2	3	2	0	0	0	0	0	0	8
TOTAL	22	52	35	39	30	36	21	25	24	20	17	321

Dos diferentes graos da USC aos que se marcha alumnado do grao en Bioloxía destacan os diferentes englobados nas Ciencias da Saúde (dependendo do curso académico entre un 10% a un 40% do alumnado que abandona).




Figura 2. Porcentaxes dos destinos dos alumnos que abandonan o Grao en Bioloxía da USC para os que accederon nos cursos académicos de 2009/10 a 2019/20.




Figura 3. Porcentaxes dos destinos do alumnado que abandona o Grao en Bioloxía da USC para o total dos que accederon entre os cursos académicos de 2009/10 a 2019/20.

Á vista da Figura 3 podemos concluír que ao redor do 26% dos/as alumnos/as abandonan para cursar graos incluídos en Ciencias da Saúde. Este abandono pode deberse a que escollen estes graos como primeira opción e en canto son admitidos abandonan o Grao en Bioloxía. En curso anteriores esta hipótese estaba sustentada no feito de que a media das notas destes estudantes era lixeiramente superior a dos outros grupos de abandono, pero no caso do curso 2019/20 a media das notas do alumnado dos distintos grupos de abandono son moi similares. Este traslado a Ciencias da Saúde, teríámolo que considerar como inevitable e por tanto é un factor que sempre repercutirá

negativamente na taxa de graduación. Cun 20% de abandonos no primeiro curso (dos cales un 25% vanse a Graos de Ciencias da Saúde) a mellor taxa de gradación posible sería do 75%. A menos que diminúa esta taxa de abandono, a taxa de graduación prevista na memoria de grao como o 60% parece moi difícil de conseguir.

Abandono potencial no curso 2019/20

En aplicación do protocolo “Método de intervención sobre o alumnado en risco potencial de abandono dos estudos do grao” a ACMP, una vez finalizado o primeiro semestre, envía ao centro a información do alumnado que podería estar en risco potencial de abandono por non ter contidos superados nin recoñecidos nese primeiro semestre de docencia. Para o curso 2020/21 so cinco alumnos figuraban na lista de abandono; todos abandonaron os estudos do grao xa que ningún está matriculado no curso 2021/22.